

**DON CESAR LÓPEZ ARRIBAS**, Secretario Xeral do Concello de **Lalín (Pontevedra)**.

**CERTIFICO:** Que na sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 28 de xuño de 2024 coa salvedade do previsto no artigo 206 do R.O.F. dos termos de aprobación definitiva da acta adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**20.- EXPEDIENTE 3302/2022. PROPOSTA DE INICIO SERVIZO ACTIVIDADES DIRIXIDAS.**

Vista a proposta do **Sr. Concelleiro Delegado de Deportes**, na que expón que visto o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado (artigo 159 da LCSP), tramitación ordinaria do **“SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS PARA O MULTIUSOS LALÍN ARENA”**, expediente 3302/2022.

Tendo en conta os informes emitidos pola Intervención Municipal, con data de 25 de xuño de 2024, e pola Secretaría Xeral, con data de 24 de xuño de 2024, **a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou:**

**Primeiro.-** Iniciar o expediente de contratación denominado **“SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS PARA O MULTIUSOS LALÍN ARENA”**, expediente 3302/2022 mediante procedemento aberto simplificado (art. 159 da LCSP), trámite ordinario e pluralidade de criterios de valoración, de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117.1, 131.2 e 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017.

**Segundo.-** De conformidade co establecido nos artigos 116.1 e 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017 é preciso acreditar a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

As necesidades administrativas a satisfacer co contrato atópase recollida no



Secretaría Xeral

informe de necesidade asinado polo Coordinador Deportivo o día 6 de xuño de 2024, no que se expón de xeito literal:

“(…)

*La necesidad de la contratación de este servicio deriva de las propias competencias que el Ayuntamiento tiene en esta materia. De este modo la LBRL estable en su artículo 25.2 “(...) 1) Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre (...)”*

*Al mismo tiempo con la entrada en vigor de la Ley 3/2012, de 2 de abril , del deporte de Galicia, sus competencias se vieron ampliadas según lo redactado en su artículo 8.*

*Se debe tener en cuenta que el CDM “LALÍN ARENA” cuenta con personal propio para atender a la demanda estructural de las actividades que se ofertan a lo largo de todo el año, con todo, el carácter cambiante y dinámico que caracteriza este tipo de actividades, crea la necesidad de contar con personal específico para la oferta de actividades que por sus características no tienen recorrido a largo plazo y de forma estructural.*

*Por este motivo, resulta adecuado disponer de una empresa especializada y externa, que aporte la flexibilidad necesaria para ofertar actividades de calidad y actualizadas a la demanda que en cada momento surja por parte de los usuarios.*

(…)”

Por elo, e co fin de satisfacer as necesidades anteriormente descritas, tendo en conta a insuficiencia de medios persoais para levar a cabo o obxecto do contrato, como se fixo referencia no informe emitido ao efecto polo Xefe de Servizo de Persoal e Emprego de data 6 de xuño de 2024, o Concello considera preciso recorrer a medios alleos para a súa satisfacción.

**Terceiro.-** Aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente.



**Cuarto.**- Autorizar o gasto por **28.064,08 €/ anuais** con cargo á aplicación orzamentaria 341.22609 do vixente orzamento municipal.

En todo caso, tal e como sinala o artigo 174.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no suposto de tratarse dun gasto plurianual a realización do mesmo queda subordinada ao crédito que para un dos exercicios autoricen os respectivos orzamentos do Concello.

**Quinto.**- Nomear responsable do Contrato a D. Julio Couto Meijome, Coordinador Deportivo do Concello de Lalín e notificarlle o presente acordo.

**Sexto.** Publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público o presente acordo así como o anuncio de licitación do contrato segundo o previsto nos artigos 117.1 e 135 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017.

E para que conste e unir ó expediente da súa razón, expido a presente en Lalín de orde e co visto e praxe da Sra. 1ª Tenente de Alcalde.

O Secretario Xeral.  
César López Arribas.

Visto e praxe, por Delegación da Alcaldía na 1ª  
Tenente de Alcalde. María Paz Pérez Asorey.

(Decreto Alcaldía 23 de xuño de 2023)

***(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE)***

